

MEDINDO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO. REFLEXIÓNS A PARTIR DA ENQUISA DOS USOS DO TEMPO DOS FOGARES DE GALICIA ¹

MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO / EDUARDO J. PIS SÁNCHEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 25 de outubro de 2010

Aceptado: 29 de outubro de 2010

Resumo: Este artigo reflexiona, desde unha análise dos usos do tempo dos fogares de Galicia, sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero na medición dos fenómenos socioeconómicos. Os usos do tempo gardan unha estreita relación co benestar e coa calidade de vida e son un instrumento útil para profundar na súa medición. Preséntanse os principais resultados obtidos a partir da enquisa de usos do tempo dos fogares de Galicia.

Palabras clave: Perspectiva de xénero / Estatísticas / Uso do tempo / Benestar / Galicia.

MEASURING WITH A GENDER PERSPECTIVE. REFLECTIONS SINCE THE USES OF TIME IN THE GALICIAN HOUSEHOLDS SURVEY

Abstract: The current article reflects, since the analysis of the time uses in the galician households, about the necessity of adding up a gender perspective to measure the socioeconomic phenomena. The time uses have a close relation with welfare and life quality, and they are a useful tool to go in depth in their measurement. Here the main outcomes obtained from the Time Uses in the Galician Households Survey are showed.

Keywords: Gender perspective / Statistics / Time uses / Welfare / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

Hoxe en día existe un amplo acordo en todos os estamentos que se dedican á recollida e á análise de información en que, para un adecuado tratamento dos temas socioeconómicos, é necesario dispoñer da dita información obtida e tratada con perspectiva de xénero.

Esta premisa, que hoxe parece ben establecida, tivo unha longa xestación ata a súa admisión pola sociedade. Sintetiza ben este percorrido García Prince (2010) cando escribe que “*la preocupación de los Estados nacionales y la reflexión sobre los derechos de las mujeres apareció en el plano internacional en los últimos años de la sociedad de naciones*”. Pero é a partir do ano 1975, coa *Conferencia Mundial do Ano Internacional da Muller*, cando comezan a facerse operativas a nivel internacional estas ideas, e así se debuxa o percorrido das conferencias mundiais organizadas ata a data, que se presentan na táboa 1.

¹ Durante os anos 2008-2010 o Equipo de Investigación en Xénero e Benestar (EIXB), integrado no Grupo RIDHEM da Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu unha investigación sobre os usos do tempo dos fogares de Galicia que se plasmou en diversas publicacións (Rodríguez Galdo *et al.*, 2009a, 2009b). As reflexións que neste artigo se expoñen fundaméntanse na dita investigación.

Táboa 1.- Conferencias mundiais

CONFERENCIAS				
	Primeira	Segunda	Terceira	Cuarta
NOME OFICIAL	Conferencia Mundial do Ano Internacional da Muller	Conferencia Mundial da Década das Nacións Unidas para a Muller: Igualdade, Desenvolvemento e Paz	Conferencia Mundial para a Revisión e Avaliación dos Logros da Década das Nacións Unidas para a Muller, Igualdade, Desenvolvemento e Paz	Cuarta Conferencia Mundial da Muller
LUGAR E DATA	México (México), 1975	Copenhague (Suecia) 1980	Nairobi (Kenya), 1985	Pequín (China), 1995
INSTRUMENTO OU PROPÓSITO APROBADO	<i>Plan de Acción Mundial</i> para a implementación dos obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, do Ano Internacional da Muller	<i>Programa de Acción</i> para a segunda metade da década das Nacións Unidas para a muller	<i>Estratexias</i> de Nairobi para o futuro adianto das mulleres cara ao ano 2000	<i>Plataforma para a acción</i>

FONTE: García Prince (2010).

A partir do ano 1975 comeza a recoñecerse a importancia das *estadísticas sobre mulleres*, e desde o punto de vista operativo enfócase a explotar os datos existentes desagregando a variable sexo. Isto puxo de relevo moitas lagoas e problemas nos métodos de recollida dos datos.

Logo da Conferencia de Nairobi (1985), o enfoque pasa de *mulleres en desenvolvemento a xénero e mulleres* e a súa plasmación estatística das *estadísticas sobre mulleres* pasa a *estadísticas sobre homes e mulleres* e a *perspectiva de xénero* sobre todo o sistema estatístico.

A Conferencia de Pequín (1995) marca un fito no desenvolvemento das estadísticas de xénero: por primeira vez hai un acordo internacional sobre a produción e difusión de estadísticas de xénero.

2. A PREOCUPACIÓN POLA CALIDADE DE VIDA E A MEDICIÓN DOS USOS DO TEMPO

Son cada vez máis numerosas e influentes as voces que desde o ámbito da ciencia económica destacan as insuficiencias dos instrumentos xeralmente admitidos e comunmente usados para estimar o crecemento económico dun país, tradicionalmente medido en termos de produción material e non de benestar. Os argumentos dos premios Nobel² Sen (1998), Stiglitz (2001) ou Krugman (2008) alentaron as reflexións doutros científicos sociais –nalgúns casos xa feitas explícitas con anterioridade– e de líderes de opinión e de políticos, que viñan cuestionando a idoneidade do PIB como instrumento de medida por non reflectir adecuadamente os cambios que afectan ao benestar nin, polo tanto, permitir comparar correctamente a calidade de vida nos diferentes países.

² O Nobel de Economía designase oficialmente como “Premio do Banco de Suecia en Ciencias Económicas en Memoria de Alfred Nobel”.

Por iso, non sorprende que desde instancias políticas ao máximo nivel se promovan comisións de estudos. É ben coñecido o encargo do actual xefe de Estado francés a Stiglitz para determinar os instrumentos que midan o benestar e a calidade de vida, e que teñan en conta aspectos como a degradación do medio ou a desaparición dos recursos naturais. Para este economista, a construción de novas medicións complementarias aos índices actuais non só se traduciría nun impacto sobre as estatísticas francesas –como se prevé que suceda no caso de referencia–, senón tamén sobre os doutros países. Tal afirmación non resulta difícil de aceptar, pois é ben coñecido que, máis alá do alcance teórico e metodolóxico das propostas contidas no informe coordinado por Stiglitz, Sen e Fitoussi (2009), a necesidade de contar con series homologables a nivel internacional terminaría por impoñer a súa lóxica.

Trátase así, como se reconece, de afrontar un reto difícil, pero non imposible; un empeño que ocupa a científicos e a investigadores de diversos campos do coñecemento e no que tamén se involucraron institucións do máximo nivel internacional, como é o caso das Nacións Unidas apoiando a elaboración do Índice de Desenvolvemento Humano (IDH), que publica desde o ano 1990 o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Ese índice, que aínda hoxe se cuestiona polas limitacións das que peca, analiza o progreso dos diferentes países con respecto a varias dimensións clave como a esperanza de vida, o acceso á educación, a sanidade ou un nivel de vida adecuado; índice que, aínda que non mide circunstancias como as relativas aos dereitos humanos ou ao nivel de democracia no país, si mide a correlación entre o crecemento económico e o benestar dos cidadáns.

Non se nos escapa que o mesmo concepto de benestar é susceptible de variadas interpretacións. Reteñamos de momento que a elección polo PNUD de termos como desenvolvemento humano, coa decidida atención posta sobre o adxectivo *humano*, non é neutra. Implica adoptar unha concepción da noción de desenvolvemento que supera os aspectos estritamente económicos. Este índice composto é unha media simple de tres índices que reflicten os resultados dun país en materia de saúde e de lonxevidade –medidos pola esperanza de vida ao nacer–, de educación –medida segundo a alfabetización de adultos e a matriculación total nos tres niveis: primario, secundario e terciario– e do nivel de vida –medido polo PIB *per capita* en termos de paridade de poder adquisitivo–.

Hoxe admítese –o que significa un paso adiante con respecto ao IDH– que unha contorna de liberdades públicas, de respecto colectivo e de redución dos niveis de desigualdade e exclusión social encerran aspectos de especial relevancia para o benestar e a calidade de vida. E así se reflicte a partir da década de 1990 na elaboración de índices complementarios ao Índice de Desenvolvemento Humano, como o Índice de Liberdade Humana (1991-1993)³ e, unido a este, o índice de Pobreza de

³ Publicación que se abandonou, probablemente, por causa das presións gobernamentais de países que non saían ben parados no índice.

Capacidade (1996) e o Índice de Pobreza Humana (IPH, 1997), índices que despois derivaron no IPH-1: Índice de Pobreza Humana para Países en Desenvolvemento⁴, e no IPH-2: Índice de Pobreza Humana para Países Desenvolvidos⁵, elaborados a partir do ano 1998. Estes indicadores, que consideran diferentes variables⁶, pretenden reflectir a distribución do progreso e a existencia de privacións colectivas.

Malia a vixencia que conserva o enfoque neoclásico nos manuais de economía e da persistencia de moitos economistas no empeño do carácter obxectivo da renda *per capita*, vaise abrindo paso a convicción de que a súa obtención depende de complexos e cuestionables procedementos de avaliación. Tamén desde o campo da estatística son cada vez máis as voces que reclaman o emprego de ferramentas conceptuais e analíticas precisas, que permitan a incorporación dunha perspectiva de xénero nas distintas etapas da produción estatística; aspecto este de especial significación, e máis nun traballo das características como o que aquí abordamos.

Deixamos apuntado que a necesidade de superar unha perspectiva simplemente economicista chegaba aos organismos internacionais nas últimas décadas, e tamén como se foron introducindo medicións sintéticas do desenvolvemento global dun país para que lles faciliten aos políticos a toma de decisións e, á vez, para que favorezan o traballo dos técnicos encargados da súa aplicación. Como sabemos, a elección dunhas variables ou doutras, e os procedementos de ponderación correspondentes, producen cambios na distribución dos fondos, polo que necesariamente deben gozar dun amplo consenso.

A superación da perspectiva simplemente “produtivista” tamén alcanzou o tema da igualdade, debido ao cada vez máis xeneralizado convencemento de que no proceso de modernización desempeña un papel central a igualdade de dereitos xurídicos e sociais por parte de ambos os dous sexos. Para realizarmos unha aproximación cuantitativa a este aspecto, contamos co Índice de Desenvolvemento da Muller, calculado ata o ano 1995 e que foi substituído desde o ano 1996 polo Índice de Desenvolvemento Humano Relativo ao Xénero, e co Índice de Potenciación da Muller realizado ata o ano 1995 e que foi substituído desde o ano 1996 polo Índice de Potenciación de Xénero.

⁴ O IPH-1 mide a privación en canto ás mesmas dimensións de desenvolvemento humano básico que o IDH. As variables utilizadas son a porcentaxe de persoas que se estima que morrerán antes dos 40 anos de idade, a porcentaxe de adultos analfabetos e a privación no tocante ao aprovisionamento económico xeral –público e privado– reflectido pola porcentaxe de poboación sen acceso aos servizos de saúde e de auga potable e pola porcentaxe de nenos con peso insuficiente.

⁵ O IPH-2 céntrase na privación nas mesmas tres dimensións que o IPH-1 e nunha adicional: a exclusión social. As variables son a porcentaxe de persoas que se estima que morrerán antes dos 60 anos de idade, a porcentaxe de persoas cuxa capacidade para ler e escribir non é suficiente para ser funcional, a proporción da poboación que é pobre de ingreso –cun ingreso dispoñible inferior ao 50% da media nacional– e a proporción de desempregados de prazo longo –doce meses ou máis–.

⁶ A construción destes índices aparece nos diferentes *Informes sobre o Desenvolvemento Humano*.

Un estudo que persegue o obxectivo de analizar o traballo doméstico e de coitados que non ten contrapartida monetaria inmediata, determinando a participación do conxunto da poboación en todos os procesos produtivos incluíndo, polo tanto, os que se consideran á marxe do seu referendo no mercado, non se pode subtraer á problemática que suscita a medición do benestar, cando, por outra parte, a propia medición deste contén elementos de necesaria referencia na elaboración de plans de desenvolvemento económico e social que inciden decisivamente na dinámica familiar. De aí a nosa preocupación ao presentarmos a cuantificación do desenvolvemento humano desde unha perspectiva que non se limite a entender o benestar como a simple expresión do crecemento da renda *per capita*.

Entre as achegas teóricas que van nesta dirección, ademais dos xa anteriormente citados Sen, Stiglitz ou Krugman, hai que destacar o labor dos científicos sociais que lle dedicaron unha parte importante da súa actividade ao estudo da conceptualización e medición do benestar, como é o caso do tamén premio Nobel de Economía no ano 1994 Harsanyi (1955, 2006) ou o dun eminente filósofo como Rawls (1971, 1988, 2009). Son importantes, así mesmo, as críticas metodolóxicas realizadas por Kelley (1991) e por Ravallion (1997, 1998), referidas ao tipo de índices que se adoita empregar para medir a calidade de vida e o desenvolvemento sostible. Trátase de preocupacións –hai que lembrar– das que se están facendo eco desde o campo institucional os informes e as publicacións das Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde e do Banco Mundial. Neste último organismo, o alento do PNUD levou a ir introducindo gradualmente indicadores sobre desenvolvemento humano nos apéndices estatísticos dos seus informes.

A publicación de Nussbaum e Sen (1993) sobre a calidade de vida exerceu unha grande influencia sobre os estudos empíricos acerca do benestar. As reflexións teóricas expresadas por este último a partir do seu artigo “Equality of What?” (1980, 1987) non só o levan a cuestionar que a utilidade sexa a definición última de estándar de vida, senón que sustentan a súa visión da necesidade de ter en conta medidas de dispersión das variables empregadas e non só o seu valor medio. As novas propostas deste economista poñen unha especial énfase no carácter instrumental do acceso a bens e servizos, entendidos como un medio para poder alcanzar unha realización individual que se identifica coa calidade de vida. Este enfoque pódese concretar en torno a catro grandes eixes:

- A participación do conxunto da poboación nos procesos produtivos a través do acceso ao emprego da renda.
- A xustiza social, materializada na igualdade xurídica sexa cal sexa o sexo ou calquera outra característica social, cultural ou relixiosa.
- A sustentabilidade dos procesos de desenvolvemento tendo en conta as xeracións futuras.

–O control das persoas sobre o seu destino, o que, á súa vez, implica liberdade e participación nas decisións políticas que lles afectan.

A medición do benestar, como tamén sabemos, pola súa propia complexidade implica necesariamente contar coas achegas que se realizan desde campos de coñecemento como a análise económica, a demografía (Dopico e Losada, 2007), a socioloxía ou a estatística, sen deixar de destacar a contribución –realmente decisiva– que se vén realizando desde outro campo de coñecemento como o que, no campo académico, se corresponde cos denominados “estudos de xénero”. As achegas teóricas realizadas, primeiro, desde os estudos das mulleres foron determinantes no tocante a cuestionar as limitacións do paradigma da economía neoclásica, que apuntaban claramente á mesma concepción de actividade económica.

Cómpre lembrar unha vez máis en que medida a ciencia económica –e de maneira particular as estatísticas económicas– se viña ocupando preferentemente da economía de mercado, excluindo así unha parte importante da produción realizada á marxe deste polos distintos membros dos fogares cando, precisamente, unha boa parte dos bens e servizos producidos por eles son básicos para a subsistencia e o benestar da poboación no seu conxunto e, así mesmo, para a propia existencia da economía de mercado.

Aínda que na súa maior parte as actividades domésticas afectan de maneira directa a bens e servizos que son claramente susceptibles de ser intercambiados no mercado laboral, tendeu a considerar que estas mesmas actividades levadas a cabo no marco dunha relación social determinada –a familia– non son obxecto de ningún intercambio mercantil e que se caracterizan pola súa gratuidade. Manífestase na interpretación anterior a dicotomía “valor de cambio/valor de uso”, que caracteriza a produción de certas actividades económicas: mentres que as primeiras non presentan ningún problema á hora de ser valoradas, pois o propio valor de cambio da súa produción serve de referencia para a súa valoración, no segundo tipo de actividades –as que xeran como output un valor de uso– atópanse dificultades para medir con claridade o valor da súa produción. Este intento si que o abordaría a chamada Nova Economía da Familia (NEF), co Nobel Becker á cabeza, que empeza na década de 1960 a ocuparse desta cuestión⁷.

A brecha aberta por Becker tería continuación –no terreo da microeconomía– en métodos de medición da produción doméstica baseados no input (como o método

⁷ A NEF considera a familia como unha pequena empresa que ten como actividade principal producir bens domésticos, incorporando así a función de produción doméstica como unha relación de inputs a outputs. O papel de empresario nesta “empresa” está reservado na maioría dos casos á muller, aducindo dúas explicacións que derivan dun razoamento económico e doutro biolóxico. No económico, o custo de oportunidade das mulleres (entendido como o salario que poderían percibir no mercado de traballo a cambio da súa forza laboral) é inferior ao dos homes. E esta menor remuneración explícase, á súa vez, pola menor cualificación das mulleres (afirmación que, cando menos, no nivel educativo formal xa non se pode soste-lo no caso de Galicia), o que tamén xustifica uns salarios inferiores aos percibidos polos homes. No biolóxico, xustifícase o papel protagonista das mulleres na casa pola súa maior eficiencia nos labores domésticos.

do custo de oportunidade, do custo de substitución ou do custo dos servizos) e de métodos baseados no output, que malia as súas limitacións explicativas contribuirían a considerar o traballo doméstico como produtivo e susceptible de ser cuantificado, aínda que subsistiría o problema de establecer un valor da produción doméstica que permitise contabilizar a súa contribución ao PIB.

Figura de maneira especial no haber do movemento feminista o empeño en elevar ata organismos internacionais a necesidade e o interese de recuperar a produción realizada nos fogares, tanto pola súa significativa contribución ao benestar social e económico como pola súa estreita relación coa economía de mercado. Desta maneira nacen as chamadas Contas Satélite da Produción Doméstica (CSPD), que expanden as fronteiras tradicionais da produción, para o que é fundamental contar cun exhaustivo coñecemento dos usos do tempo nos fogares. A Conta Satélite da Produción Doméstica (CSPD) recolle fundamentalmente o traballo non remunerado realizado nos fogares, relacionado con aquelas actividades que constitúen “produción” nun sentido amplo do termo, e favorecendo así a visibilidade da produción non mercantil que non queda incluída nas estatísticas oficiais.

As Contas Nacionais “estendidas” –que inclúen tanto a produción de mercado como a produción doméstica– ofrecen unha perspectiva distinta á que habitualmente ofrece o Sistema de Contas Nacionais, tanto da realidade coma do desenvolvemento económico, sendo esta nova achega metodolóxica de especial importancia en estudos económicos no longo prazo ou en estudos comparativos de diferentes economías. Un fito neste proceso márcalo, como se vén repetindo, o Informe das Nacións Unidas sobre a Década da Muller (1985) e que continúa co Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Social, que tivo lugar en Copenhague (1995), e coa Cuarta Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre a Muller, que tivo lugar en Pequín (1995). Tamén o Informe do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento do ano 1995 dedicado ao traballo das mulleres no mundo pon en evidencia a necesidade de incorporar ás contas económicas o traballo non remunerado.

Todo o anterior foi conducindo a que o Sistema de Contas Nacionais do ano 1993 (SCN) e, posteriormente, o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais do ano 1995 (SEC) (Eurostat, 1996) definan, incorporen e recomenden a elaboración dunha CSPD dos fogares como parte das chamadas contas satélite. Os intentos de elaboración de CSPD levan a diversos institutos de estatística e centros de investigación a desenvolver numerosos estudos orientados á elaboración dalgún tipo de medición e valoración da produción doméstica. A ausencia dunha normativa harmonizada que permitira comparacións posteriores levou á Oficina de Estatísticas da Unión Europea (Eurostat) a promover un proxecto para desenvolver unha metodoloxía de elaboración da CSPD dos fogares. A realización do proxecto recaeu no Instituto de Estatística de Finlandia, que o publicou no ano 1999 baixo o título de *Proposal for a Satellite Account of Household Production* (Varjonen *et al.*, 1999), ao que seguiu a versión do ano 2003 co título *Household Production and*

Consumption. Proposal for a Methodology of Household Satellite Accounts (Eurostat, 2003).

A existencia de boas enquisas de usos do tempo desvelouse como unha tarefa prioritaria, xa que as ENUT (enquisas sobre uso do tempo) permiten coñecer a organización social dos tempos da poboación segundo os grupos de idade e sexo, o que debe contribuír ao deseño de políticas públicas que atendan as demandas específicas de mulleres e homes de cara a unha mellor calidade de vida, co que implica de consecución de verdadeira equidade de xénero. Evidentemente, sábese que as inequidades de xénero se evidencian nos usos do tempo, particularmente no dedicado ao traballo remunerado e non remunerado, o que é consecuencia da asignación de traballo no fogar. De aquí xorden, como xa están demostrando traballos e informes de carácter xeral con sólidos datos empíricos, situacións de desvantaxe para as mulleres estreitamente vinculadas co empobrecemento e/ou coa vulnerabilidade, pois a súa dedicación ás actividades non remuneradas privaas en maior medida de ingresos e de tempo, ademais de provocar que se subestime a súa contribución ao benestar da poboación.

Un dos principais obxectivos da ENUT é medir o traballo non remunerado e valorar o tempo libre. Nesta perspectiva, as políticas públicas que poidan relacionarse ou tomar como insumo esta fonte de información poden ser, en primeiro lugar, a conciliación entre o traballo remunerado e o non remunerado, tema no que as desigualdades de xénero son máis evidentes. Por outro lado, non se lle deu a suficiente importancia á ocupación do tempo libre –cando se ten–, e ao dereito de telo e de usalo libremente como un factor determinante para a saúde física e mental das persoas.

Coñecer o valor do traballo non remunerado e quen o realiza, ademais de facer visible a gran contribución das mulleres, permite analizar o funcionamento da economía doméstica, o consumo privado e as interaccións entre o sector público, o mercado e a produción doméstica. Como deixamos implícito ao falar de calidade de vida e de dereitos humanos, ter maiores cotas de liberdade no uso do tempo é un elemento imprescindible na consecución do benestar. E isto mesmo implica “ter tempo” e acceso ao descanso, á recreación, á cultura, ao deporte ou ao entretemento, tempo para a vida persoal. Non sorprende que a énfase se poña nas mulleres, xa que a desigualdade na distribución de tarefas implicou que estas teñan unha carga global de traballo superior á dos homes e que, en consecuencia, teñan menos tempo libre para empregalo en proveito da súa propia persoa.

Nun percorrido necesariamente sintético, queremos destacar a idea de que a necesidade de contar con estatísticas precisas constitúe unha necesaria primeira esixencia. Xa nos referimos á complexidade que encerra a medición da categoría “traballo”, remunerado ou non remunerado, e á súa íntima implicación co benestar de homes e mulleres. Se insistimos no tema das estatísticas é porque con Carmen Alcaide –directora do INE entre os anos 2000 e 2008– coincidimos en destacar que *“el estado de las estadísticas de un país refleja su realidad y los valores asumidos*

por la sociedad". Resulta evidente, subliña Alcaide, como recolle Pazos Morán (2006), que para que algo se mida alguén ten que estar interesado en medilo. E aí está o problema, porque a elaboración de estatísticas require dunha gran cantidade de recursos e da colaboración dos diferentes organismos oficiais encargados de elaboralas.

Os logros nesta dirección xa son importantes, podéndose falar da existencia dun importante consenso nos organismos internacionais (Nacións Unidas, OIT, UE) sobre as necesidades estatísticas que se derivan da consideración das metas de igualdade de xénero. A este respecto cómpre sinalar que xa na década de 1980, debido á constatación de que as estatísticas oficiais non proporcionaban información sobre a situación das mulleres, proliferaron as publicacións de "estatísticas sobre a muller" e que progresivamente estas se converteron en estatísticas comparativas entre homes e mulleres. Así, comprobouse que non abundaba con publicacións específicas, senón que era necesario levar a perspectiva de xénero ás estatísticas oficiais.

Nesta necesaria evolución destaca o labor crucial da oficina de estatística sueca (Statistics Sweden) que, xunto con algúns outros institutos de estatística dos países nórdicos, lles proporcionaron a súa experiencia tanto á Unión Europea como ás Nacións Unidas para estender as reformas que estaban realizando no seu sistema estatístico (Corner, 2005). No ano 1994 o Parlamento sueco aprobou unha *addenda* á súa regulación das estatísticas oficiais, ditando que "*as estatísticas oficiais referidas a individuos deben desagregarse por sexo a menos que exista unha razón especial que o impida*". No ano seguinte, a Plataforma de Acción aprobada no Congreso sobre a Muller das Nacións Unidas, que tivo lugar en Pequín, xa adoptou esta medida como un dos obxectivos que perseguir en todos os países: "*asegurar que as estatísticas referidas a individuos se recollan, procesen e analicen presentándose por sexo e idade, e que reflectan os problemas, asuntos e cuestións relacionadas con homes e mulleres na sociedade*" (parágrafo 206(a) da Plataforma de Acción).

Esta perspectiva implicaba asumir que para avanzar na igualdade non son suficientes as chamadas "políticas de igualdade", senón que hai que cambiar a corrente principal das políticas públicas –idea que se acuñou como "*mainstreaming*" ou transversalidade–. Para este fin faise preciso que as estatísticas públicas incorporen todos os aspectos da realidade, o que en boa medida é incidir na transversalidade de xénero das estatísticas oficiais. Este avance foi definido por Corner (2005) como o paso "*das estatísticas de xénero á inclusión da perspectiva de xénero nos sistemas estatísticos*"⁸.

⁸ Isto tradúcese, segundo numerosos autores (Vanek, 1999; Murgatroyd, 2000; Vanek, 1999; Statistics Sweden, 2000), en tres condicións:

- Toda a información estatística referida ás persoas debe ser recollida por sexo.
- Todas as variables deben ser analizadas e presentadas desagregadas por sexo, sendo esta unha variable de clasificación primaria e transversal, o que significa que non abunda con que os resultados se mostren desagregados por sexo, ademais de por outras variables, antes ben, absolutamente todas as táboas deben ser desdobradas en dúas: unha para cada sexo.
- Todas as estatísticas deben incorporar a perspectiva de xénero: deben facerse esforzos específicos para identificar os temas relevantes neste terreo e asegurar que se recollan e que se fagan públicos os datos que os reflecten.

Sendo especialmente importante contar cunha desagregación por sexo de todos os indicadores referidos ás persoas, non é suficiente para analizar a desigualdade entre homes e mulleres. A *Statistics Sweden*, na publicación *Engendering Statistics* (Hedman *et al.*, 1996), sinalaba o obxectivo que cumpría lograr: formular os conceptos e definicións que reflicten a diversidade de mulleres e de homes e que capten todos os aspectos das súas vidas. A tarefa non é fácil na medida en que, como insistiamos antes, para que xurda a necesidade de medir a desigualdade antes hai que percibila. E isto é o *realmente importante*. Recentemente, a Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa (UNECE) publicou un manual para o desenvolvemento das estatísticas con perspectiva de xénero: *Developing Gender Statistics: A Practical Tool*.

3. AS ENQUISAS DE USO DO TEMPO. OS USOS DO TEMPO DOS FOGARES DE GALICIA

As enquisas sobre o uso do tempo da poboación comezaron a realizarse a principios do século XX en determinadas cidades e barrios de Europa e de Estados Unidos. Coa incorporación aos discursos políticos, sociais e económicos do concepto “políticas de benestar”, aumentaron este tipo de investigacións, permitindo descubrir novas utilidades para aqueles.

Unha prolífica traxectoria internacional de investigación contribuíu á formulación dunha proposta, alá polo ano 1960, de establecer unha normalización da investigación sobre a distribución e o uso do tempo. Este intento de normalización foi apoiado pola UNESCO⁹.

A comezos da década dos anos noventa rexorde con forza a nivel europeo a idea de conseguir unha harmonización internacional sobre as enquisas do uso do tempo, dirixida e coordinada polo Eurostat, entidade que apostou pola consolidación das estatísticas sociais unha vez establecido o marco das estatísticas europeas.

En España realizouse a primeira enquisa sobre os usos do tempo na década de 1990 (Durán, 1988, 1998) a través de intentos concretos, como o posto en marcha polo *Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC)* e polo *Centro de Investigacións sobre a Realidade Social*. Posteriormente, o *Instituto Vasco de Estadística (EUSTAT)* empezou un proceso de realización de enquisas do uso do tempo, pero referidas só ao País Vasco.

En marzo do ano 1995, o Instituto Nacional de Estadística (INE) decide emprender un estudo piloto da enquisa de emprego do tempo integrado no proxecto europeo harmonizado.

Nos últimos meses do ano 1996 e nos primeiros do ano 1997 leváronse a cabo estudos piloto en nove dos Estados membros e en nove países do leste. O deseño da

⁹ Coñecido como *Estudo Szalai*, xa que leva o nome do seu director, constituíu a iniciativa de normalización máis importante realizada case ata a actualidade.

enquisa foi unha fusión das principais características das enquisas de emprego do tempo levadas a cabo nalgúns países da Unión Europea e da EFTA (Rodríguez Galdo *et al.*, 2009b).

A información que proporcionan as enquisas do uso do tempo, logo da valoración correspondente, permite a estimación de datos económicos sobre as actividades das persoas, e estes datos soen estruturarse nas chamadas Contas Satélites dos Fogares. Unha cuestión importante que xorde ao realizar esta última estimación é o método de valoración económica das actividades consideradas. O Instituto Galego de Estatística realizou unha Conta Satélite da Produción Doméstica para o ano 2003 na que se estima que a incorporación da produción doméstica á medición do PIB incrementaría este nun 37%.

Nestes momentos o INE ten en marcha a elaboración dunha nova enquisa na que se incorporan algunhas novidades no que respecta á amplitude da información recollida e á terminoloxía utilizada. É especialmente relevante o cambio a este respecto da palabra *traballo*, que anteriormente era utilizada exclusivamente para o traballo remunerado, parecendo suxerir que o traballo non remunerado non era traballo.

Para o estudo pormenorizado do uso do tempo dos fogares de Galicia realizouse unha exploración detallada da *Encuesta de Empleo del Tiempo*, elaborada polo INE e mais polo Instituto Galego de Estatística (IGE) no ano 2003. De acordo coa metodoloxía do INE, as principais características da mostra son as seguintes:

- O tipo de mostraxe utilizada foi bietápica estratificada. As unidades de primeira etapa foron seccións censais e as da segunda foron vivendas familiares principais.
- Como marco de referencia, para a selección da mostra utilizouse o mesmo marco de áreas xeográficas, constituído polas seccións censais utilizadas para o censo do obxectivo e vivendas 2001. Para as unidades de segunda etapa utilizouse unha listaxe formada pola relación de vivendas familiares principais que existían en cada unha das seccións seleccionadas para a mostra.
- Dada a necesidade de ofrecer datos a nivel de comunidade autónoma, para cada unha delas deseñouse unha mostra representativa e independente. Fixouse un tamaño mostral global de 16.000 vivendas familiares.

A distribución da mostra en unidades primarias entre comunidades autónomas realizouse considerando unha afixación de compromiso entre uniforme e proporcional, seleccionando en cada comunidade un mínimo de 350 vivendas familiares. A distribución da mostra entre estratos realizouse seguindo o criterio de afixación proporcional ao tamaño do obxectivo do estrato.

O tamaño da mostra para a Comunidade Autónoma de Galicia foi de 260 seccións censais nas que se enquisaron 2.272 vivendas. Cómpre destacar que este ta-

maño mostral é superior ao que se correspondería co deseño descrito, debido a que o IGE estableceu un convenio de colaboración co INE polo que se aumentou o tamaño mostral para conseguir que a enquisa fose estatisticamente máis representativa.

A mostra dividiuse en dúas partes: unha metade cubriu un boletín diario de luns a xoves e a outra de venres a domingo, permitindo obter estimacións separadas para estes dous períodos.

3.1. OS USOS DO TEMPO POR GRUPOS DE ACTIVIDADE. GALICIA NO CONTEXTO ESPAÑOL

En primeiro lugar, analizamos o comportamento dos usos do tempo dos fogares de Galicia con respecto ao resto de comunidades autónomas (CC.AA.) e en relación ao conxunto de España. As táboas 2 e 3 mostran a porcentaxe de persoas de ambos os dous sexos que realizan a actividade e a duración desa actividade, respectivamente. Nas táboas 4 a 7 preséntanse os resultados desagregados por sexo.

Táboa 2.- Porcentaxe de persoas que realizan actividades no transcurso do día

Comunidades autónomas	AMBOS OS DOUS SEXOS									
	Actividade principal									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	100,0	34,1	13,7	81,6	12,4	66,8	40,3	17,9	86,4	83,9
Andalucía	100,0	30,0	15,1	79,3	12,8	70,5	37,6	15,5	84,6	85,9
Aragón	100,0	34,2	11,4	81,3	14,2	69,5	40,6	21,5	88,4	89,0
Asturias	100,0	29,5	12,7	81,4	11,5	64,1	44,8	19,2	90,3	80,9
Baleares	100,0	39,7	13,1	87,6	12,8	82,8	34,3	13,1	81,0	92,3
Canarias	100,0	34,6	13,7	82,7	11,0	70,5	36,3	20,2	88,5	84,0
Cantabria	100,0	32,9	12,3	72,0	10,3	65,4	44,1	16,3	88,1	75,3
Castela e León	100,0	32,4	12,1	82,2	14,8	70,8	50,3	22,2	89,0	87,5
Castela-A Mancha	100,0	33,8	14,4	78,5	16,1	72,4	37,8	16,9	85,6	85,1
Cataluña	100,0	37,6	12,2	82,6	9,0	58,6	38,4	17,1	85,1	82,9
Comunidade Valenciana	100,0	35,3	13,3	83,7	14,2	70,8	37,9	18,0	87,1	86,4
Estremadura	100,0	29,5	16,2	83,7	16,5	76,5	46,0	18,1	82,6	79,6
Galicia	100,0	33,1	12,6	81,2	14,4	66,0	41,0	17,3	83,0	76,2
Madrid	100,0	36,5	15,4	82,8	10,5	60,1	39,0	18,9	87,4	81,4
Murcia	100,0	33,7	13,0	80,4	10,3	71,2	39,5	17,0	87,4	86,8
Navarra	100,0	37,5	12,6	81,3	18,2	67,6	51,6	18,8	87,8	85,1
País Vasco	100,0	32,6	14,1	82,0	11,8	62,9	51,4	20,1	90,8	82,2
Rioxa (A)	100,0	37,1	12,4	78,9	14,7	71,8	44,1	20,0	89,8	85,9
Ceuta e Melilla	100,0	30,4	14,1	73,4	15,5	68,8	31,4	16,7	88,5	87,1

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afeccións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa do INE/IGE.

Táboa 3.- Duración media diaria dedicada á actividade polas ditas persoas

Comunidades autónomas	AMBOS OS DOUS SEXOS									
	Actividade principal									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	11:22	7:47	5:13	3:39	1:49	2:14	1:58	1:50	2:38	1:24
Andalucía	21:31	7:41	5:30	3:56	1:58	2:21	1:56	1:53	2:34	1:19
Aragón	11:07	7:48	5:26	3:38	1:50	2:15	1:54	1:45	2:51	1:18
Asturias	11:41	7:35	5:08	3:44	1:32	2:05	2:04	1:49	2:50	1:18
Baleares	11:13	7:28	5:20	3:04	1:43	2:17	1:49	1:54	2:31	1:32
Canarias	11:25	7:44	4:57	3:35	1:38	2:03	1:50	1:42	2:35	1:36
Cantabria	11:29	7:54	5:30	3:48	2:03	2:32	2:12	1:55	2:43	1:17
Castela e León	11:15	7:53	5:10	3:36	1:17	2:06	2:03	1:52	2:38	1:18
Castela-A Mancha	11:22	7:53	4:58	3:57	1:34	2:21	1:39	1:49	2:41	1:09
Cataluña	11:27	7:56	5:10	3:35	2:08	2:05	2:07	1:48	2:33	1:32
Comunidade Valenciana	11:14	7:51	5:01	3:30	1:50	2:13	1:53	1:53	2:41	1:22
Estremadura	11:20	7:33	5:19	3:43	1:35	2:37	1:54	1:43	2:33	1:09
Galicia	11:39	7:44	5:10	3:55	1:43	2:19	1:57	1:51	2:27	1:21
Madrid	11:07	7:54	5:08	3:31	2:01	2:11	1:55	1:49	2:43	1:36
Murcia	11:39	7:44	5:14	3:29	1:49	2:17	1:43	1:59	2:40	1:16
Navarra	11:21	7:35	4:44	3:21	1:26	2:19	2:01	1:44	2:32	1:15
País Vasco	11:12	7:33	5:19	3:33	1:53	2:05	2:18	1:51	2:46	1:19
Rioxa (A)	11:13	7:56	5:52	3:37	1:41	2:10	1:55	1:43	2:32	1:10
Ceuta e Melilla	12:04	7:11	4:53	3:48	1:26	2:28	1:49	2:00	2:42	1:13

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afeccións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa do INE/IGE.

Táboa 4.- Porcentaxe de varóns que realizan a actividade no transcurso do día

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	ACTIVIDADE PRINCIPAL									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	100	43,3	13,3	70	9,5	66,2	42,7	23	86,8	86,9
Andalucía	100	41,7	14,9	65,5	9,8	69,1	41,7	20,1	84,9	88,6
Aragón	100	44,9	10,6	70,9	10,7	65,5	41,2	27,5	87,9	92,3
Asturias	100	37,3	12,3	68,7	9,6	63,1	49,4	24,9	92,0	84,6
Baleares	100	45,7	11,8	80,8	9,2	82,9	36,8	16,6	80,2	95,0
Canarias	100	44,1	13,3	72,2	7,9	70,8	40,8	25,9	88,7	88,6
Cantabria	100	40,1	11,1	55,7	7,1	66,8	45,5	18,6	89,0	79,0
Castela e León	100	41,4	10,9	69,7	10,9	72,6	50,1	27,1	87,9	89,9
Castela-A Mancha	100	46,4	12,9	63,5	11,7	71,7	40,5	22,6	86,5	89,1
Cataluña	100	45,7	10,9	73,2	7,2	58,6	41,0	22,1	85,4	85,6
Comunidade Valenciana	100	44,4	13,9	73,1	10,8	67,8	40,8	24,0	88,0	88,9
Estremadura	100	38,8	15,6	72,3	13,2	73,1	46,8	23,4	85,0	84,4
Galicia	100	40,1	12,4	67,8	12,4	67,2	43,6	23,1	84,4	80,4
Madrid	100	44,6	15,8	72,6	8,1	59,2	40,6	24,1	87,3	83,9
Murcia	100	44,1	12,6	67,6	6,4	70,2	40,6	21,5	88,6	89,7
Navarra	100	47,3	11,3	71,4	13,9	66,2	51,6	21,4	87,8	87,1
País Vasco	100	41,0	15,4	70,1	8,8	64,3	51,0	24,8	91,9	84,7
Rioxa (A)	100	46,7	12,0	66,5	11,5	69,8	44,6	24,9	88,6	88,3
Ceuta e Melilla	100	44,6	14,7	54,0	15,8	69,1	35,4	23,5	87,7	91,7

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afeccións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: INE/IGE: *Encuesta de Uso del Tiempo*, 2003.

Táboa 5.- Porcentaxe de mulleres que realizan a actividade no transcurso do día

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	ACTIVIDADE PRINCIPAL									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	100	25,2	14	92,7	15,1	67,4	38,1	13	86	81
Andalucía	100	18,7	15,2	92,6	15,7	71,7	33,6	11,1	84,4	83,2
Aragón	100	23,9	12,2	91,5	17,6	73,5	40,0	15,7	88,8	85,8
Asturias	100	22,4	13,0	93	13,3	64,9	40,6	14,0	88,7	77,6
Baleares	100	33,7	14,4	94,2	16,5	82,8	31,8	9,7	81,8	89,7
Canarias	100	25,2	14,0	93,1	14,0	70,2	32,0	14,5	88,3	79,5
Cantabria	100	26,2	13,5	87,5	13,3	64,1	42,9	14,2	87,2	71,7
Castela e León	100	23,7	13,3	94,3	18,5	69,1	50,5	17,5	90,2	85,1
Castela-A Mancha	100	21,2	15,9	93,4	20,4	73,0	35,1	11,3	84,8	81,2
Cataluña	100	29,9	13,5	91,6	10,7	58,6	35,8	12,2	84,8	80,4
Comunidade Valenciana	100	26,5	12,7	94,0	17,5	73,7	35,1	12,3	86,3	84,0
Estremadura	100	20,5	16,7	94,8	19,7	79,9	45,3	12,9	80,4	75,0
Galicia	100	26,8	12,8	93,4	16,2	64,9	38,5	12,1	81,7	72,4
Madrid	100	29,1	14,9	92,1	12,8	60,9	37,6	14,2	87,6	79,1
Murcia	100	23,3	13,3	93,2	14,2	72,1	38,4	12,5	86,1	83,9
Navarra	100	27,8	13,9	91,0	22,5	69,0	51,6	16,2	87,8	83,2
País Vasco	100	24,6	12,9	93,4	14,6	61,5	51,8	15,5	89,9	79,8
Rioxa (A)	100	27,5	12,8	91,2	17,8	73,8	43,6	15,1	91,0	83,5
Ceuta e Melilla	100	16,4	13,4	92,4	15,3	68,5	27,5	9,9	89,3	82,5

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afeccións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: INE/IGE: *Encuesta de Uso del Tiempo*, 2003.**Táboa 6.-** Duración medida dedicada á actividade polos varóns

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	ACTIVIDADE PRINCIPAL									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	11:24	8:22	5:18	2:08	1:54	2:18	2:12	1:59	2:48	1:27
Andalucía	11:34	8:14	5:35	2:08	2:05	2:24	2:10	2:02	2:46	1:24
Aragón	11:07	8:30	5:19	2:04	1:45	2:24	2:16	1:53	2:57	1:20
Asturias	11:42	8:10	5:08	2:11	2:06	2:05	2:22	1:56	3:03	1:21
Baleares	11:16	8:07	5:43	1:52	2:06	2:22	1:57	2:06	2:37	1:37
Canarias	11:25	8:13	5:11	2:08	1:42	2:02	2:04	1:50	2:42	1:38
Cantabria	11:34	8:26	5:33	2:35	2:01	2:41	2:30	2:18	2:46	1:19
Castela e León	11:18	8:33	5:04	2:05	1:26	2:13	2:22	2:00	2:48	1:20
Castela-A Mancha	11:22	8:15	5:06	2:14	1:30	2:33	1:49	1:56	2:52	1:13
Cataluña	11:28	8:28	5:10	2:15	2:04	2:09	2:18	1:59	2:43	1:33
Comunidade Valenciana	11:12	8:29	5:08	1:57	2:06	2:16	2:04	2:05	2:53	1:25
Estremadura	11:29	8:06	5:22	2:05	1:43	2:46	2:12	1:54	2:43	1:11
Galicia	11:43	8:19	5:19	2:30	1:51	2:24	2:14	1:55	2:35	1:26
Madrid	11:09	8:31	5:09	2:03	1:48	2:18	2:08	1:57	2:52	1:39
Murcia	11:44	8:16	5:00	1:53	1:55	2:19	2:02	2:12	2:49	1:18
Navarra	11:23	8:04	4:46	2:03	1:37	2:22	2:16	1:47	2:38	1:18
País Vasco	11:09	8:14	5:41	2:10	1:56	2:06	2:32	1:57	2:54	1:20
Rioxa (A)	11:15	8:33	6:02	2:05	1:57	2:15	2:12	1:46	2:40	1:13
Ceuta e Melilla	12:04	7:32	4:52	1:47	1:32	2:42	1:59	2:05	2:42	1:19

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afeccións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: INE/IGE: *Encuesta de Uso del Tiempo*, 2003.

Táboa 7.- Duración medida dedicada á actividade polas mulleres

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	ACTIVIDADE PRINCIPAL									
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Total España	11:21	6:51	5:09	4:45	1:46	2:09	1:43	1:35	2:28	1:21
Andalucía	11:29	6:30	5:26	5:09	1:54	2:18	1:39	1:38	2:23	1:14
Aragón	11:06	6:30	5:31	4:49	1:52	2:06	1:31	1:32	2:46	1:15
Asturias	11:41	6:42	5:08	4:46	1:10	2:05	1:45	1:38	2:37	1:15
Baleares	11:10	6:37	5:00	4:04	1:31	2:13	1:41	1:34	2:25	1:28
Canarias	11:25	6:53	4:44	4:42	1:35	2:04	1:32	1:27	2:29	1:34
Cantabria	11:25	7:08	5:28	4:32	2:03	2:23	1:54	1:26	2:40	1:15
Castela e León	11:11	6:45	5:14	4:41	1:11	2:00	1:44	1:39	2:29	1:16
Castela-A Mancha	11:22	7:04	4:52	5:06	1:36	2:10	1:27	1:35	2:29	1:06
Cataluña	11:27	7:09	5:10	4:37	2:10	2:00	1:54	1:29	2:23	1:30
Comunidade Valenciana	11:17	6:49	4:53	4:40	1:40	2:11	1:41	1:31	2:29	1:19
Estremadura	11:11	6:32	5:15	4:55	1:29	2:29	1:35	1:25	2:24	1:06
Galicia	11:34	6:57	5:02	4:52	1:37	2:14	1:40	1:45	2:20	1:16
Madrid	11:05	7:02	5:08	4:34	2:08	2:05	1:43	1:37	2:34	1:33
Murcia	11:34	6:45	5:28	4:38	1:46	2:15	1:23	1:37	2:31	1:14
Navarra	11:18	6:46	4:43	4:22	1:19	2:16	1:45	1:40	2:26	1:13
País Vasco	11:15	6:28	4:54	4:32	1:51	2:04	2:05	1:41	2:39	1:18
Rioxa (A)	11:12	6:52	5:44	4:43	1:31	2:05	1:38	1:38	2:24	1:07
Ceuta e Melilla	12:04	6:14	4:54	4:58	1:19	2:15	1:36	1:49	2:41	1:06

Os grupos de actividades principais considerados son os seguintes: 0: Coidados persoais (inclúe o tempo para durmir); 1: Traballo; 2: Estudos; 3: Fogar e familia; 4: Traballo voluntario e reunións; 5: Vida social e diversión; 6: Deportes e actividades ao aire libre; 7: Afecións e xogos; 8: Medios de comunicación; 9: Traxectos e emprego do tempo non especificado.

FONTE: INE/IGE: *Encuesta de Uso del Tiempo, 2003.*

As táboas 8 e 9 e as gráficas 1 e 2 presentan as tres actividades que son realizadas por unha maior porcentaxe de persoas no ámbito español, a comunidade cunha maior porcentaxe/duración e cunha menor porcentaxe/duración, así como os datos para España e para Galicia.

Táboa 8.- Porcentaxe de persoas que realizan as tres actividades máis frecuentes (excluídos os coidados persoais)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS				ESPAÑA	GALICIA
AMBOS OS DOUS SEXOS	Máxima		Mínima		
Fogar e familia	Baleares	87,60%	Cantabria	72,00%	81,20%
Medios de comunicación	País Vasco	90,80%	Baleares	81,00%	83,90%
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Baleares	92,30%	Cantabria	75,30%	76,20%
HOMES					
Fogar e familia	Baleares	80,80%	Ceuta e Melilla	54,00%	67,80%
Medios de comunicación	Asturias	92,00%	Baleares	80,20%	84,40%
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Baleares	95,00%	Cantabria	79,00%	80,40%
MULLERES					
Fogar e familia	Estremadura	94,80%	Cantabria	87,50%	93,40%
Medios de comunicación	A Rioxa	91,00%	Estremadura	80,40%	81,70%
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Baleares	89,70%	Cantabria	71,70%	72,40%

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.


As tres actividades realizadas por unha maior porcentaxe de persoas no ámbito español son “fogar e familia”, “medios de comunicación” e “traxectos e emprego do tempo non especificado”.

Á actividade “fogar e familia” dedícanse un 81,6% das persoas, sendo Baleares a Comunidade que ocupa a primeira posición, e Ceuta e Melilla a última. Galicia aproxímase á media global. A desagregación por sexos pon de manifesto que a porcentaxe de homes que realiza a actividade é sensiblemente inferior ao das mulleres. En Galicia os homes sitúanse por baixo da media española, mentres que as mulleres están bastante por riba, aproximándose ao máximo, que se rexistra en Estremadura.

Na actividade “medios de comunicación”, Galicia está por baixo da media e próxima ao mínimo, que é Baleares. Por sexo, a porcentaxe de homes e mulleres que realiza esta actividade é practicamente a mesma no ámbito español, mentres que en Galicia a porcentaxe de mulleres é inferior á dos homes.

Na actividade “traxectos e emprego de tempo non especificado” Galicia está moi por baixo da media e próxima a Cantabria, que é na que menos porcentaxe de dedicación aparece. Por sexo, tanto en España coma en Galicia a porcentaxe de mulleres é bastante inferior á dos homes.

Gráfica 1.- Porcentaxe de persoas que realizan a actividade “fogar e familia” ao longo do día




BA: Baleares; CV: Comunidade Valenciana; ES: Estremadura; MA: Madrid; CT: Cataluña; CL: Castela e León; PV: País Vasco; TE: Total España; AS: Asturias; AR: Aragón; NA: Navarra; GA: Galicia; MU: Murcia; AN: Andalucía; RI: A Rioxa; CM: Castela-A Mancha; CeM: Ceuta e Melilla; CN: Cantabria.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

Táboa 9.- Duración media das tres actividades realizadas por unha maior porcentaxe de persoas

COMUNIDADES AUTÓNOMAS					ESPAÑA	GALICIA
AMBOS OS DOUS SEXOS	Máxima		Mínima			
Fogar e familia	Castela-A Mancha	3:57	Baleares	3:04	3:39	3:55
Medios de comunicación	Aragón	2:51	Galicia	2:27	2:38	2:27
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Canarias	1:36	Castela-A Mancha	1:09	1:24	1:21
HOMES						
Fogar e familia	Cantabria	2:35	Ceuta e Melilla	1:47	2:08	2:30
Medios de comunicación	Asturias	3:03	Galicia	2:35	2:48	2:35
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Madrid	1:39	Estremadura	1:11	1:27	1:26
MULLERES						
Fogar e familia	Andalucía	5:09	Baleares	4:04	4:45	4:52
Medios de comunicación	Aragón	2:46	Galicia	2:20	2:28	2:20
Traxectos e emprego de tempo non especificado	Canarias	1:34	Estremadura Castela-A Mancha Ceuta e Melilla	1:06	1:21	1:16

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

Gráfica 2.- Duración media das actividades de “fogar e familia” nas comunidades autónomas

CM: Castela-A Mancha; AN: Andalucía; GA: Galicia; CN: Cantabria; CeM: Ceuta e Melilla; AS: Asturias; ES: Estremadura; ME: Media España; AR: Aragón; RI: A Rioxa; CL: Castela e León; CA: Canarias; CT: Cataluña; PV: País Vasco; MA: Madrid; CV: Comunidade Valenciana; MU: Murcia; NA: Navarra; BA: Baleares.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

Especial significación ten a medición da duración media de tempo consumido por estas actividades. Á actividade “fogar e familia” dedícaselle en España 3:39

horas; Galicia, con 3:55 horas, atópase moi próxima á Comunidade que máis tempo lle dedica: Castela-A Mancha, con 3:57 horas. Por sexos, destaca o feito de que en España os homes lle dedican 2:08 horas, fronte ás 4:45 horas que lle dedican as mulleres. Destaca de novo a realidade das mulleres en Galicia, que lle dedican 4:52 horas a esta actividade, algo superior á media española. Aínda reflectindo un vivo contraste, o tempo dedicado polos homes galegos a esta actividade (2:30 horas) sitúase nun limiar moi próximo ao alcanzado pola Comunidade cunha maior dedicación masculina a esta actividade: Cantabria, con 2:35 horas.

Na actividade “medios de comunicación”, Galicia, cunha dedicación media de 2:27 horas, sitúase no furgón de cola de todas as comunidades. Cómpre sinalar que, tanto a nivel español coma galego, as mulleres lle dedican menos tempo a esta actividade.

Polo que respecta ao grupo “traxectos e usos do tempo non especificados”, Galicia ten unha posición media, tanto globalmente como por sexos.

3.2. OS USOS DO TEMPO POR GRUPOS DE ACTIVIDADE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA


A táboa 10, que recolle a porcentaxe de persoas que realiza cada actividade en Galicia, así como o tempo que lles dedica, revela que de todas as actividades a única á que as mulleres lle dedican máis tempo ca os homes é a “fogar e familia”. Ademais, realizan esta actividade o 93,4% das mulleres, fronte ao 67,8% dos homes (gráfica 3).

Táboa 10.- Porcentaxe de persoas que realizan a actividade no transcurso do día e duración media diaria dedicada á actividade por esas persoas en Galicia

ACTIVIDADES PRINCIPAIS	AMBOS OS DOUS SEXOS		HOMES		MULLERES	
	% de persoas	Duración media diaria	% de persoas	Duración media diaria	% de persoas	Duración media diaria
0: Coidados persoais	100,0	11:39	100,0	11:43	100,0	11:34
1: Traballo	33,1	7:44	40,1	8:19	26,8	6:57
2: Estudos	12,6	5:10	12,4	5:19	12,8	5:02
3: Fogar e familia	81,2	3:55	67,8	2:30	93,4	4:52
4: Traballo voluntario e reunións	14,4	1:43	12,4	1:51	16,2	1:37
5: Vida social e diversión	66,0	2:19	67,2	2:24	64,9	2:14
6: Deportes e actividades ao aire libre	41,0	1:57	43,6	2:14	38,5	1:40
7: Afeccións e xogos	17,3	1:51	23,1	1:55	12,1	1:45
8: Medios de comunicación	83,0	2:27	84,4	2:35	81,7	2:20
9: Traxectos e emprego do tempo non especificado	76,2	1:21	80,4	1:26	72,4	1:16

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.


Gráfica 3.- Horas dedicadas a actividades de “fogar e familia”



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

Se non consideramos a actividade de “coidados persoais”, que é realizada polo 100% dos individuos (e que inclúe durmir), a gráfica 4 recolle a distribución de tempo dedicado ao resto das actividades, destacando o tempo dedicado polas mulleres á “familia” e polos homes ao “traballo remunerado”.

Gráfica 4.- Tempo dedicado ás distintas actividades agás coidados persoais en Galicia



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

Se analizamos a táboa 11, que recolle con detalle a duración das actividades que compoñen o epígrafe de “fogar e familia”, vemos que as mulleres dedican un tempo superior aos homes na maior parte delas. Só se exceptúan tres: “xardinería e

coidado de animais”, “construción e reparacións” e “axuda a membros adultos do fogar”. Esta última presenta practicamente resultados idénticos, pois a diferenza é de dous minutos. As diferenzas máis importantes nas actividades cuxa duración é maior para as mulleres son en “actividades culinarias” e en “confección e coidado de roupas”, sendo estas as actividades nas que, en termos relativos, menos participan os homes.

Táboa 11.- Duración media das actividades de “fogar e familia” en Galicia

Horas/día	Galicia		
	Homes	Mulleres	Ambos os dous
Actividades relacionadas co fogar e coa familia non especificadas	1:18	1:33	1:30
Actividades culinarias	0:51	1:59	1:40
Mantemento do fogar	0:53	1:16	1:10
Confección e coidado de roupa	0:36	1:13	1:11
Xardinería e coidado de animais	2:22	1:46	2:02
Construción e reparacións	1:35	0:45	1:26
Compras e servizos	0:59	1:02	1:01
Xestións do fogar	0:37	0:53	0:46
Coidado de nenos	1:34	1:52	1:46
Axudas a adultos membros do fogar	1:38	1:35	1:36
Total	1:14	1:30	1:26

FORNTE: Elaboración propia a partir dos datos de INE/IGE.

4. CONCLUSIÓNS

A análise que aquí presentamos acerca dos usos do tempo dos fogares de Galicia revela, en primeiro lugar, que aquel dedicado ás tarefas do fogar é dos máis altos de España, sucedendo así tanto no caso das mulleres coma no dos homes. Vemos en que medida os homes galegos lles dedican ás tarefas do fogar un tempo significativamente superior á media española, aínda que esta maior dedicación encobre unha “especialización de xénero”, na medida en que as mulleres se ocupan maioritariamente dos traballos de cociña e de mantemento da casa, e os homes en actividades como a xardinería e o coidado de animais, sendo esta a única actividade do fogar á que os homes lle dedican máis tempo cás mulleres. Por outra parte, lembremos tamén que homes e mulleres consomen menos tempo nos medios de comunicación que a media española.

O comportamento dos fogares de Galicia, que de maneira moi sintética presentamos aquí a través dos seus usos do tempo, hai que entendelo como un reflexo da súa realidade socioeconómica, unha realidade que non se sitúa á marxe dos profundos cambios que están afectando ás sociedades da súa contorna económica, política e social, e que alcanzan ao ámbito familiar e ás relacións de xénero. Investigacións anteriores desenvolvidas nestes últimos anos polo EIXB permitíronnos internarnos no coñecemento do comportamento da familia en Galicia (Rodríguez Galdo, 2000)

e observar a maneira en que certos trazos da familia tradicional se articulan cos cambios demográficos e cunha nova funcionalidade socioeconómica e afectiva.

Destácase neste traballo, e tamén noutros da mesma temática, que a información das EUT non se limita á medición do tempo de distintas actividades e ao grao de participación das persoas nas actividades cotiás, senón que tamén persegue avanzar en propostas metodolóxicas que permitan estimar o valor da produción dos servizos domésticos non remunerados e de coidados e, así mesmo, reflectir a contribución destes nas contas nacionais. De aí o interese da discusión do tema da valoración do traballo doméstico e de coidados a prezos de mercado. E aínda que é moi importante a discusión técnica de como medir o uso do tempo, conclúese que a utilidade das EUT tamén é eminentemente política, dirixíndose a fixar a posición na axenda pública da valoración do traballo non remunerado realizado en maior medida polas mulleres, como tivemos ocasión de mostrar. Así mesmo, revélase a importancia de contar con indicadores sobre usos de tempo á hora de formular recomendacións e de emprender accións efectivas de política pública para a conciliación do traballo doméstico e extradoméstico.

As contornas da crise económica –e máis nos momentos en que esta alcanza unha dimensión global como é o caso actual– cómpre interpretalas tamén como unha magnífica oportunidade de reflexión sobre unha necesaria reformulación global da organización da nosa vida en común, que non só se limite a dubidar das prácticas dos axentes económicos, senón que de maneira especial incida nos presupostos ideolóxicos en que se basea o seu comportamento e a forma de medir os efectos deste sobre o benestar individual e colectivo. Nesta dirección abordamos en anteriores traballos sobre o tema en que medida a ciencia económica, e de maneira particular as estatísticas económicas, se vén ocupando preferentemente da economía de mercado, excluindo así unha parte importante da produción realizada á marxe deste, como a orixinada nos fogares, cando os bens e os servizos producidos no fogar son, precisamente, básicos para a subsistencia e para o benestar da poboación no seu conxunto e, así mesmo, para a propia existencia da economía de mercado. E aínda que na súa maior parte as actividades domésticas afectan a bens e servizos de maneira directa, claramente susceptibles de ser intercambiados no mercado laboral, considerábase que estas mesmas actividades levadas a cabo no marco dunha relación social determinada –a familia– non eran obxecto de ningún intercambio mercantil, caracterizándose pola súa gratuidade. Reflicteo ben aquela socioloxía do traballo que omite a súa consideración como pertencentes a algunha forma de traballo, agrupándoas baixo a denominación de “tarefas domésticas”. Mesmo se clasifica ás mulleres que se dedican exclusivamente a esas “tarefas” entre o grupo laboral de “inactivos”, ao igual ca os xubilados e os estudantes.

A vixencia dunha visión androcéntrica, coa súa proxección na análise económica, ignorando a realidade da “actividade” das mulleres, determinou en gran medida a orientación das políticas públicas, que ou ben foron formalmente discriminatorias ou ben como moito “cegas fronte ao xénero” (en oposición a “neutrais fronte ao

xénero”, que suporía ter en conta igualmente as diferentes necesidades e realidades de homes e mulleres). Esta visión tivo ata tempos moi recentes o seu fiel correlato nas estatísticas públicas ao responder á mesma concepción, como aínda se percibe en estatísticas e en análises do mercado de traballo¹⁰.

Pero as consecuencias da visión androcéntrica do paradigma económico xeralmente aceptado e da súa continuación nas estatísticas faise máis evidente desde a perspectiva de estudo do traballo doméstico non remunerado, como quixemos mostrar nas páxinas anteriores para o caso concreto de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- CORNER, L. (2005): *From Margins to Mainstream. From Gender Statistics to Engendering Statistical Systems*. (Documento de UNIFEM).
- DOPICO, F.; LOSADA, A. (2007): “Cantidad y calidad de vida. El empleo de indicadores de mortalidad en la medición del bienestar”, *Revista de Demografía Histórica*, 2ª época, XXV (II), pp. 167-192.
- DURÁN, M.A. (1988): *De puertas adentro*. Madrid: Ministerio de Cultura.
- DURÁN, M. A. (1998): “La investigación sobre uso del tiempo en España en la década de los noventa. Algunas reflexiones metodológicas”, *Revista Internacional de Sociología (RIS)*, pp. 163-189. Madrid.
- GARCÍA PRINCE, E. (2010): “Beijing +15: ¿Antesala de una V Conferencia Mundial de las Mujeres? Perspectivas y ajustes necesarios”, *III Edición de la Escuela de Pensamiento Feminista Toledo, 2010*.
- HARSANYI, J. (1955): “Cardinal Welfare, Individualist Ethics, and Interpersonal Comparisons of Utility”, *Journal of Political Economy*, 63.
- HEDMAN, B.; PERUCCI, F.; SUNDSTR, P. (1996): *Engendering Statistics. A Tool for Change*. Statistics Sweden.
- IGE (2003): *Conta Satélite da Podución Doméstica, 2003*. Instituto Galego de Estatística.
- IGE (2008): *Datos estadísticos básicos de Galicia*. Instituto Galego de Estatística.
- JYOTSNA, J.; RAVALLION, M. (1997): “Are there Dynamic Gains from a Poor Area Development Program?”, *Journal of Public Economics*, 67 (1), pp. 65-83.
- KELLY, A.C. (1991): “The Human Development Index: Handle with Care”, *Population and Development Review*, 17 (2), pp. 315-324.
- MURGATROYD, L. (2000): “Developing Gender Statistics in the UK ”, *Radical Statistics*, 74.
- NACIONES UNIDAS. PROGRAMA DAS NACIONES UNIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO (1990-2004): *Informe sobre Desenvolvemento Humano*. Mundi Prensa.
- NUSSBAUM, M.; SEN, A.K. [comp.] (1993): *La calidad de vida*. México: Fondo de Cultura Económica.

¹⁰ O normal é que se reproduza a imaxe como subsiste no imaxinario colectivo e como se reflicte nas estatísticas “do traballador e da súa familia” (a muller e os fillos), pero sen referencia á “traballadora”, cando isto significa ignorar a realidade de moitas mulleres que representan, cómpre lembralo, máis do 43,50% do total da poboación activa galega.

- PAZOS MORÁN, M. (2006): “Género y estadísticas administrativas: necesidades y dificultades. El ejemplo de los permisos de maternidad y paternidad”, *Seminario Internacional “El papel de los registros administrativos en relación con el análisis social y económico y el desarrollo del sistema estadístico nacional”*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- PERRONS, D. [ed.] (2006): *Gender Divisions and Working in the New Economy*. Cheltenham: Elgar.
- RAVALLION, M. (1997): “Good and Bad Growth: The Human Development Reports”, *World Development*, 25 (5), pp. 631-638.
- RAVALLION, M. (1998): *Appraising Workfare Programs*. (Policy Research Working Paper). Washington, D.C.: Banco Interamericano de Desarrollo (BID).
- RAWLS, J. (1971): *A Theory of Justice*. Cambridge, MA: Harvard University Press.
- RAWLS, J. et al. (1987): *Liberty, Equality and Law*. Cambridge: Cambridge University Press.
- RAWLS, J. (1988): “Libertad, igualdad y derecho”, *Conferencia Tanner sobre Filosofía Moral*. Madrid: Ariel.
- RAWLS, J. (2009): *Lecciones sobre la historia de la filosofía política*. Madrid: Paidós.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (2000): “Familia y cambio sociodemográfico. Notas para un análisis”, en: *Familia, juventud y nuestros mayores*, pp. 89-104. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. et al. (2009a): *Familia, cuidados e traballo non remunerado. O uso do tempo nos fogares de Galicia*. Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. et al. (2009b): *Familia y usos del tiempo*. Andavira.
- SAGAR, A. D. Y NAJAM, A.. (1998): “The Human Development Index: A Critical Review”, *Ecological Economics*, 25, pp. 249-264.
- SEN, A. (1980): “Equality of What?”, en S. McMurrin [ed.]: *Tanner Lectures on Human Values*, 1. Cambridge University Press. (Reeditado en J. Rawls et al. (1987): *Liberty, Equality and Law*. Cambridge University Press).
- SEN, A. (1999): *Development as Freedom*. New York.
- SEN, A. K. (1982): *Choice, Welfare and Measurement*. Oxford: Blackwell.
- SEN, A.K. (1992): *Inequality Reexamined*. Oxford: Oxford University Press.
- SEN, A.K. (1993): “Capability and Well-Being”, en M. Nussbaum e A.K. Sen [ed.]: *The Quality of Life*. Oxford: Clarendon Press.
- SEN, A.K. (1994): *Resources, Values and Development*. Oxford: Blackwell.
- SEN, A.K. [ed.] (1987): *The Standard of Living*. Cambridge.
- STATISTICS SWEDEN (2000): *Work to Improve Gender Statistics in Sweden*. (Working Paper, 16). Conference of European Statisticians, Statistical Commission for Economic Commission of Europe.
- STIGLITZ, J.E. (1993): *Economía*. Barcelona: Ariel.
- STIGLITZ, J.E.; SEN, A.; FITOUSSI, J.P. (2009): *The Measurement of Economic Performance and Social Progress*. (www.stiglitz-sen-fitoussi.fr).
- UNITED NATIONS (2010): *Developing Gender Statistics: A practical tool*. Geneva.
- VANEK, J. (1999): *Course on Gender Statistics for Social Policy*. UNSD.
- XUNTA DE GALICIA (1985): *Galicia en cifras*. Santiago de Compostela.
- XUNTA DE GALICIA (2007): *A realidade das mulleres galegas 2007*. Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar.